



COSTA DE PADERNE

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2019



Distancia: 5 km (circular)
Dificultade: baixa

O concello de Paderne está situado na marxe dereita da ría de Betanzos. A liña costeira vai desde o esteiro do Mandeo ata o do Lambre e alterna pequenas áreas de rochas e cantís de pouca altura con extensos areais protexidos.

Os espazos de interese natural está asociados á costa e ao río Mandeo, ambos protexidos no LIC: "Betanzos-Mandeo".



- 1-Río Lambre
- 2-Praia da Abeleira
- 3-Punta Xurelos
- 4-Praia Xurela
- 5-Ría de Betanzos
- 6-Ponte do Pedrido
- 7-Peirao
- 8-Esteiro do Mandeo.
- 9-Observatorio ornitolóxico de Souto



Ría de Betanzos. Mide 12 km de fondo e presenta dous sectores ben diferenciados. O primeiro, de Betanzos ata a a ponte do Pedrido, é un esteiro típico onde sedimentan os fangos transportados polos ríos Mandeo e Mendo, unha zona estreita con amplas zonas lamacentas que quedan descubertas coa marea baixa. O segundo, entre as puntas Lavadoira e Torrella, é máis amplo e conflúe coa ría de Ares. As rochas dominantes son xistos, filitas e lousas. É unha importante zona marisqueira (ameixa, berberecho...)




O curto tramo do litoral do concello de Paderne abrangue e punta Xurelos que separa os espazos dos ríos Lambre e Mandeo e coa marea baixa pódese rodear na súa maior parte facendo unha camiñada na que se descubre unha costa rochosa de cantís esgazados e puídos, con numerosas furnas, coroados por unha ringleira de loureiros e carballos detrás dos que hai plantacións de piñeiros e eucaliptos e algunhas parcelas agrícolas, as máis delas abandonadas. Comezamos a camiñada na **ponte do Porco** polo **areal da Abeleira**, entre o **río Lambre** e o cantil que a medida que avanzamos cara á punta vai amosando en forma de furnas os efectos do traballo do mar sobre eles; ata que chegamos á punta na que se atopan os restos afiados e puídos das rochas que aínda resisten, os bechos apegados a eles, e unha pequena illa. Os efectos do traballo do mar volven a suavizarse en canto dobramos a punta e nos adentramos no **esteiro do Mandeo** e a **praia Xurela**. Da praia Xurela en diante o terreo convértese nunha lameira e non é doado camiñar por el así que aproveitamos unha escaleira que hai por debaixo dunhas vivendas vacacionais e, por ela e por un carreiro subimos a un camiño que nos leva á **Ínsua** e á estrada. Camiñamos pola beira da estrada uns 300 m e collemos o desvío que sae á dereita polo que baixamos ao **peirao do Pontón**, ao pé da **ponte do Pedrido** onde rematamos o percorrido duns 3 km. A volta, que son case 2 km, pódese facer pola beira da estrada ou collendo á dereita do peirao a estrada que sube a Montecelo e baixar desde alí á Ponte do Porco polo Camiño de Santiago. Podemos achegarnos, pola estrada de Betanzos, a Souto (3 km) desde onde hai un sendeiro (500 m) para ir ata o **observatorio e área de interpretación do LIC/ZEC “Betanzos-Mandeo”**. no esteiro do Mandeo




1-Desembocadura do Lambre na Ponte do Porco. O río Lambre nace no Monte da Pena da Uz (Monfero) e desemboca na Ponte do Porco na ría de Betanzos facendo de linde entre os concellos de Paderne e Miño.



2-Praia da Abeleira, no esteiro do río Lambre. Coa marea baixa forma un extenso areal que se une á praia Xurela e polo que se pode camiñar.





Punta Xurelos (banda norte)



Punta Xurelos (banda norte)



4-Praia Xurela. Praia moi abrigosa e tranquila na que antes se recollía moito berberecho, longueirón, mexillón, mincha e en menor cantidade ameixa.



Punta Xurelos (banda sur)



5-Ria de Betanzos desde Ponte Pedrido, na desembocadura do Mandeo, o río principal que alimenta a ría de Betanzos.



7-Porto



6-Ponte do Pedrido sobre a desembocadura do Mandeo, entre os concellos de Bergondo e Paderne.



8-Esteiro do Mandeo.

O río Mandeo nace no Marco das Pías (Sobrado dos Monxes) e desemboca na ría de Betanzos formando un amplo esteiro. O tramo final do río conserva unhas extensas marismas de enorme riqueza biolóxica.



LIC BETANZOS-MANDEO

Espazo de 865 ha que comprende o curso do río Mandeo desde Ponte Aranga e o do Mendo desde Oza dos Ríos, os esteiros do Mandeo e do Lambre, e a parte da ría de Betanzos entre Miño e Gandarío. No concello de Paderne protexe toda a costa.

Os ecosistemas máis destacados son o esteiro e as marismas, con predominio de plantas adaptadas ás augas salobres: sebas, xuncos, salicornias, verdoaga mariña, acelga salgada, herba das anduriñas, escirpo...

En canto á fauna o máis destacado son as aves acuáticas: garza, garzota, picapeixes, gabita, gaivotas (patiamarela, chorona e escura), mazarico (galego e curli), pillara real, lavanco real, pato cincento, pato asubión, parrulo pentumeiro común, mergo, corvo mariño real...



Mexillóns e lapas



Pilro curlibico
(*Calidris alpina*)